

Información en saúde e sostibilidade

413-1

Co noso compromiso n.º10 buscamos formar aos consumidores para facilitarlles unha vida saudable e sostible, ofrecéndolles produtos informativos veraces, independentes, prácticos e amenos, e colaborando activamente na mellora da saúde e a sostibilidade das súas compras.

EROSKI CONSUMER é un proxecto informativo do Grupo EROSKI que desenvolvemos dende hai máis de 40 anos con ese mesmo obxectivo.

A través desta canle de comunicación pretendemos formar e informar ao consumidor acerca de temas asociados coa alimentación, a seguridade alimentaria e a saúde, pero tamén co ambiente, a solidariedade, as mascotas e o mundo do bebé, a economía, etc. Nel participa un amplo grupo de colaboradores como persoal técnico, profesionais do periodismo, o deseño e a programación, ademais de contar coa colaboración de varias entidades como a Federación de Diabéticos Españois, a Fundación Española do Corazón, o centro tecnolóxico Azti-Tecnalia e a Asociación Española de Pediatras de Atención Primaria. O proxecto informativo Eroski Consumer é cuadrilingüe: castelán, catalán, éuscaro e galego.

Este exercicio foi un ano de renovación para EROSKI CONSUMER, no que se deu un paso adiante na forma de ofrecer o contido, introducindo innovación gráfica e deseño sen renunciar aos seus signos de identidade: o rigor e a imparcialidade en contidos útiles e prácticos para o consumidor.

Na súa edición impresa, distribuída gratuitamente en toda España, a publicación ten unha tirada anual de 725.539 exemplares. Tamén está dispoñible en versión dixital en www.consumer.es, con cerca de 50 millóns de visitas anuais. A web dispón dunha sección con información útil sobre o Camiño de Santiago, outra con máis de 4.600 receitas culinarias e 16 guías especializadas en temas relacionados coa saúde, a alimentación, os hábitos de vida, a cultura e o ambiente. En liña con esta aposta pola novas tecnoloxías, ofrecemos tamén tres aplicacións para móbil sobre receitas, o Camiño de Santiago e noticias, que incorporan os últimos artigos de Eroski consumer, e estamos presentes nas plataformas sociais Twitter, Facebook, Google+ e YouTube.

En 2018, EROSKI CONSUMER publicou sete guías de compra coas que pretende axudar ao consumidor a coñecer diferentes categorías de produtos con obxecto de que, ao ter un maior coñecemento, poida elixir mellor: patacas, cacao en po e en crema, lasaña, gazpachos e salmorexos, galletas, legumes e turróns. Ademais, na sección "Investigación a fondo" publicáronse dous artigos sobre alerxias e lácteos, cun valor engadido descoñecido.



Edición impresa:

164.000
lectores mensuais
en 2018

**Edición dixital: www.consumer.es**

Preto de
50 millóns
de visitas en 2018

Máis de
4.600
receitas culinarias

14 millóns
de visitas ao canal web
de alimentación

11 canles
de contidos
específicos

16 guías
especializadas

Visitas ás guías
de alimentación:

11 millóns
froitas

10 millóns
peixe e
mariscos

6,5 millóns
verduras

**Aplicacións móbiles:**

App Receitas:
594.107
descargas

App Camiño do Santiago
173.035
descargas

App News:
8.762
descargas



Todas elas suman
máis de 775.000
descargas

Redes sociais:

36.000
seguidores
Twitter



1.300
seguidores
Google+



46.000
seguidores
Facebook



21.000
seguidores
YouTube



Todas elas suman un total de
máis de 100.000 seguidores